

*ANEXO TÉCNICO
(Balnearios-Spa)
Xuntarase ao proxecto básico*

1.- DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS / RAZÓN SOCIAL		NOME		NIF / CIF	
ENDEREZO					
MUNICIPIO		CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		TELÉFONO

2.- DATOS DO INVESTIMENTO

DENOMINACIÓN					
ENDEREZO					
MUNICIPIO				PROVINCIA	
CATEGORÍA	ESPECIALIDADE			CLASIFICACIÓN ☐ HOSPEDARÍA ☐ RESIDENCIA	
Nº DE CUARTOS DOBRES	Nº DE CUARTOS INDIVIDUAIS	Nº SUITES	PRAZAS DE GARAXE CUBERTO OU PROTEXIDO		

3.- DATOS DO ARQUITECTO

APELIDOS	NOME	TELÉFONO
----------	------	----------

4.- DATOS DO ARQUITECTO TÉCNICO

APELIDOS	NOME	TELÉFONO
----------	------	----------

5.- DATOS ARQUITECTÓNICOS E CONSTRUTIVOS DO PROXECTO**5.1.- MATERIAIS E TIPOLOXÍAS EMPREGADAS. (BREVE DESCRICIÓN)**

ESTRUTURA
PECHE / ACABAMENTO EXTERIOR
CUBERTA
CARPINTARÍA EXTERIOR
SOLADOS

5.2.- SUPERFICIES

SUP. CONSTRUÍDA	SUP. DORMITORIOS (E OS SEUS BAÑOS)	SUP. COMEDOR/PRAZAS (SE EXISTE)
SUP. ÚTIL	SUP. ZONAS COMÚNS (SEN ESPAZOS DE CIRCULACIÓN)	SUP. DO DORMITORIO DOBLE MÍNIMO NO PROXECTO
SUP. DE PARCELA	SUP. SALÓN SOCIAL	SUP. DE INSTALACIÓN BALNEARÍA/SPA
DESCRICIÓN DE INSTALACIÓN BALNEARÍA/SPA		

6.- DATOS ECONÓMICOS

EXECUCIÓN MATERIAL DA EDIFICACIÓN SEGUNDO O PROXECTO	EXECUCIÓN MATEIRAL DA EDIFICACIÓN SEGUNDO A ORDE DE SUBVENCIÓN	URBANIZACIÓN
REDACCIÓN DO PROXECTO	ENDEREZO DAS OBRAS	REPERCUSIÓN DE ORZAMENTO POR M ² CONSTRUIDO

_____, ____ de _____ de _____

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

Decreto 289/2004, do 2 de decembro, polo que se declara a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial da Coruña, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de mellora do trazado da estrada provincial 2904 Coristanco a Santa Comba, punto quilométrico 8,825 ao punto quilométrico 17,600 (concellos de Coristanco e Santa Comba).

A Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada o día vinte e oito de maio de dous mil catro, aprobou o proxecto de mellora do trazado da estrada provincial 2904 Coristanco a Santa Comba, punto quilométrico 8,825 ao punto quilométrico 17,600 e, na sesión do dezasete de setembro de dous mil catro, acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ao abeiro do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Os bens en que se concreta a declaración de urxente ocupación están determinados no expediente que se someteu a información pública.

A Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda emitiu informe favorable. O dito informe tivo entrada no rexistro xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local o día oito de novembro de dous mil catro.

Considérase necesaria a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras do proxecto técnico sinalado, xa que segundo sinala a deputación, a actuación é necesaria para evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana, debido á existencia de curvas perigosas con pequeno raio, edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da estrada, o largo da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, e a intensidade media do tráfico.

A competencia para a declaración da urxente ocupación correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia segundo o disposto nos artigos 27.2º e 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dous de decembro de dous mil catro,

DISPÓÑO:

Artigo único.-De conformidade co disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, declárase a urxente ocupación, pola Deputación Provincial da Coruña para efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos concretados no expediente admi-

nistrativo instruído para o efecto e necesarios para a execución das obras do proxecto de mellora do trazado da estrada provincial 2904 Coristanco a Santa Comba, punto quilométrico 8,825 ao punto quilométrico 17,600 debendo, se é o caso, unha vez ocupados os terreos necesarios, obter as autorizacións que fosen necesarias dos organismos competentes, con carácter previo ao inicio das obras.

Santiago de Compostela, dous de decembro de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Jesús Carlos Palmou Lorenzo
Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local

Decreto 290/2004, do 2 de decembro, polo que se declara a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial de Pontevedra, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de estrada provincial 1003 Rodeira-A Boubeta (concello de Cangas).

A Deputación Provincial de Pontevedra, en sesión que tivo lugar o día trinta e un de marzo de dous mil catro, aprobou o proxecto de estrada provincial 1003 Rodeira-A Boubeta, e na mesma sesión acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ao abeiro do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

A Deputación Provincial de Pontevedra remitiu a documentación complementaria para a correcta tramitación do expediente con data de entrada no rexistro xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local o día dous de novembro de dous mil catro.

Os bens en que se concreta a declaración de urxente ocupación están determinados no expediente que se someteu a información pública.

A Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda emitiu informe favorable. O dito informe tivo entrada no rexistro xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local o día trece de outubro de dous mil catro.

Considérase necesaria a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras do proxecto técnico sinalado, xa que, segundo sinala a deputación, a actuación consiste na realización do alargamento da referida vía, mellorando sensiblemente as súas características actuais coo obxecto conseguir unha boa vía de comunicación que permita a rápida e segura fluidez do tráfico da zona, e poder así garantir a seguridade